

A finalidade da **Cátedra Institucional Cruz Roja-USC para a mellora da calidade de vida das persoas maiores**

é fomentar a docencia, investigación e difusión de coñecementos aplicados á mellora da calidade de vida das persoas maiores, así como das condicións que a promoven ao longo do proceso de envellecemento.



Cátedra
Cruz Roja USC


Contacto

Cátedra Cruz Roja-USC
Despacho 13, andar 0, módulo B
Facultade de Psicoloxía
Campus Vida
Rúa Xosé María Suárez Núñez, s/n
15782 Santiago de Compostela, A Coruña
Teléfonos: 881 813 712 e 678 563 241
Email: catedra.cruzroja@usc.es
Web: catedracruzroja.es

Se tes ideas, suxestións,
proxectos... relacionados cos
obxectivos da Cátedra, non
dubides en contactar connosco.



Cátedra Institucional
Cruz Roja-USC para a
mellora da calidade de
vida das persoas maiores
(Universidade de Santiago
de Compostela)



Os principais **obxectivos** da Cátedra son

- a) Promover a formación e especialización profesional, e a difusión de coñecemento científico relacionado coa calidade de vida en persoas maiores.
- b) Promover o debate sobre a calidade de vida no proceso de envellecemento entre comunidade universitaria e profesionais.
- c) Colaborar coa comunidade universitaria da USC para a formación integral do alumnado en calidade de vida asociada ás persoas maiores, ofrecendo experiencias extracurriculares que contribúan á adopción de boas prácticas e favorezan a súa inserción profesional.
- d) Fomentar a investigación e o interese pola calidade de vida en adultos maiores e a colaboración entre a USC e o sector non lucrativo.
- e) Sensibilizar cara á importancia de adoitar hábitos e condicións que promovan un envellecemento con calidade de vida.

Actividades

- Convocatoria de premios a TFG e TFM relacionados coa calidade de vida nas persoas maiores.
- Convocatoria de premios de fotografías, curtametraxe etc. vencelladas á temática da Cátedra.
- Deseño e xestión de cursos de verán, cursos de formación específica etc.
- Participación en Congresos de Xerontoloxía e organización de mesas redonda sobre temáticas de actualidade xerontolóxica.
- Campañas de sensibilización sobre temas que afecten ás calidade de vida das persoas maiores.
- Estudos e colaboracións científicas que promoven o coñecemento para mellorar aspectos da calidade de vida no envellecemento.
- Xestión de prácticas externas e actividades de innovación educativa en Aprendizaxe-Servizo para alumnado de Mestrados da USC.
- Bolsas de prácticas extracurriculares para estudantes de Mestrado.